

ÁMBITO

Localidade BARRO

Comarca PONTEVEDRA

Lugar de realización LOCAL BNG/ASOCIACIÓN CULTURAL A BAROSA

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 24

Nº de non militantes asistentes 12

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Iván Velho Ferreiro

Representante do Consello Nacional Demetrio Gómez Xunqueira

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 2h.

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Grupo de conversa sentado en círculo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Considerouse unha Asemblea necesaria. Necesaria porque é preciso escoitar a opinión das persoas do BNG e das persoas que o rodean para conseguir conectar. Agradécese que a dirección comarcal se achegue ás bases tomar nota do que se di. Aínda que positiva, polo de agora limitouse a unha xuntanza onde algunhas persoas deron o seu punto de vista, sendo necesario profundizar máis para falar de refundación.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Radiografía da Galiza de hoxe

- Fálase da situación de emerxencia na que se atopa Galiza, froito de políticas dirixidas ao seu desmantelamento, e de estratexias do Capital a nivel xeral. É dicir, é unha venda do país a pedaciños a mantenta.
- O estigma do “autoodío” do pobo galego, emprégase en varias ocasións para definir algunha das situacións que vivimos na actualidade e que consideran que continúa a definirnos.

Estratexia política do nacionalismo galego:

- Necesidade ou non de entendernos con nacionalistas que están fóra do BNG.
Trasládase a preocupación existente polos resultados electorais do BNG (que unicamente será un instrumento útil se acada unha representación forte nas institucións e nos gobernos). Para conseguilo todo o nacionalismo está condenado a entenderse. Trasládase aquí a necesidade da confluencia para mellorar os resultados.
O resto de intervincentes considera que o fundamental aquí é coidar o nacionalismo galego real, o que actúa como tal, e se mantén nas bases do BNG, e traballar pouco a pouco no seu fortalecemento. Incluso se chega a manifestar que o importante non son nin as siglas nin os aliados, se non o obxectivo: valernos por nós mesmos.
- Hai varias intervencións que fan mención, por un lado, ao erro táctico

PROPOSTAS PARA O DEBATE

de esperar tanto para pechar a coalición, e por outro lado, a necesidade de volver a empregar as siglas do BNG e de reforzalo recuperando a súa imaxe (imaxe de loita e firmeza). Ata cinco intervencións inciden na importancia de recuperar a marca. Con carácter minoritario tamén se dá unha intervención opinando que a marca BNG xa non é atractiva, que non funciona e que as mensaxes que se lanzan nas redes e campañas son moi protocolarias e non ilusionan, non chegan á xente.

- **Para saír da crise é necesario contar cos galegos e galegas. Autoorganización e capacidade.**
- **Problema de afrontar eleccións co desánimo imperante na militancia e base simpatizante. Difícil pero necesario ilusionar.**
- **Aproveitar a estrutura e presenza do BNG en todo o país.**
- **Recuperar e clarificar discurso e a partir de aí empezar a sumar (nunha intervención incídese en utilizar a campaña para esta fin).**

Participación política e modelo organizativo

- **Varias intervencións falan da incidencia dos medios de comunicación á hora de crear opinión pública, do mal tratamento que fan do BNG e das dificultades para acceder a eles. Hai quen lle dá moita importancia e outros que cren que o centro da análise debe ser outro.**
- **Debátese sobre a conveniencia ou non de listaxes abertas.**

PROPOSTAS PARA O DEBATE